

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ORTIGUEIRA

##### Secretaría

*Establecemento dun complemento retributivo aos empregados públicos en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade*

##### ANUNCIO

**Establecemento dun complemento retributivo aos empregados públicos en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade**

Polo Concello Pleno na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2018 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**“Expediente 1615/2018. Establecemento dun complemento retributivo aos empregados públicos en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade”**

##### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal ao servizo das Administracións Públicas contribuíu de maneira notable e directa á recuperación económica e ao cumprimento dos compromisos adquiridos por España en materia de control do gasto público e este persoal tivo que soportar unha parte importante do esforzo de austeridade levado a cabo no último período. Este esforzo foi un factor determinante na consecución dos obxectivos antes citados.

As modificacións normativas efectuadas desde 2012 para a inclusión de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, modificou temporalmente o réxime retributivo do persoal incluído nos distintos rexímenes de Seguridade Social durante a situación de incapacidade temporal.

A mellora da situación económica e orzamentaria, así como o recoñecemento da achega que supuxo o traballo dos empregados e empregadas ao servizo das Administracións Públicas para esa mellora, conduciron á firma o pasado 9 de marzo de 2018 do II Acordo entre o Goberno e os sindicatos CCOO, UGT e CSIF para a mellora do emprego público e as condicións de traballo. Entre outras cuestións, no mesmo acórdanse medidas en materia de incapacidade temporal, que se viron reflectidas na Disposición adicional quincuaxésima cuarta da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018.

Nesta disposición establécese que cada Administración Pública poderá determinar, previa negociación colectiva, as retribucións a percibir polo persoal ao seu servizo ou ao dos organismos autónomos e entidades dependentes, en situación de incapacidade temporal e no caso do persoal funcionario ao que se lle houbese expedido licenza por enfermidade e se determinan as regras do complemento retributivo que pode chegar ata un máximo do cen por cen das súas retribucións, básicas e complementarias, correspondentes as súas retribucións fixas do mes de inicio da incapacidade temporal, tal e como se establecía na regulación anterior.

A Administración Xeral do Estado acolleuse a este réxime mediante o Real Decreto 956/2018, do 27 de xullo. Pola súa banda, no ámbito do Concello de Ortigueira, a Mesa Xeral de Negociación dos empregados públicos, na súa sesión de 28 de novembro de 2018, acordou por unanimidade recoñecer a plenitude retributiva para o persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo desta Administración, que se encontre na situación legal de incapacidade

temporal, garantindo durante esta situación a percepción do cen por cen das retribucións ordinarias correspondentes ao mes de inicio da incapacidade temporal.

De acordo co establecido no artigo 38.3 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, para que os Acordos alcanzados na Mesa de Negociación que versen sobre materias competencia dos órganos de goberno das Administracións Públicas sexan válidos e eficaces, é necesaria a aprobación expresa e formal por estes órganos.

Así mesmo, e de acordo co establecido no anteriormente citado artigo 38.3 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, unha vez aprobado o Acordo, cando afecte a temas que poden ser decididos de forma definitiva polos órganos de goberno, o mesmo será directamente aplicable ao persoal incluído no seu ámbito de aplicación, sen prexuízo de que a efectos formais se requira a modificación ou derogación, no seu caso, da normativa regulamentaria correspondente.

Por último, o apartado 6 do citado artigo 38 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público prevé que, unha vez ratificado o Acordo, a Autoridade respectiva ordenará a súa publicación no Boletín Oficial que corresponda en función do ámbito territorial.

Por todo elo, o Pleno da corporación, adopta o seguinte

#### ACORDO

**Primeiro.**–Ratificar o acordo alcanzado pola Mesa Xeral de Negociación do Concello de Ortigueira na súa sesión de data 28-11-2018 co seguinte tenor literal:

“Aprobar para todo o persoal, funcionario, estatutario ou laboral, ao servizo do Concello de Ortigueira, incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social, que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cen por cen das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

A eficacia deste acordo aplicarase retroactivamente a contar dende a data de entrada en vigor da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018”.

**Segundo.**–Ordenar a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.”

O que se fai publico para xeral coñecemento e aos efectos oportunos.

Ortigueira, 28 de decembro de 2018.

O alcalde,

Juan Vicente Penabad Muras

2018/9796

USTIG